

NOTA DE PRENSA

Un total de 607 galegos maiores de 65 anos poderán beneficiarse ao longo de 2016 de estadias de dez días en balnearios de toda a comunidade

O 7 de marzo remata o prazo para poder optar a unha destas prazas que ofrece o programa “Benestar en Balnearios” da Consellería de Política Social

Participan 15 balnearios galegos, 5 na provincia de Pontevedra, 5 en Ourense, 4 en Lugo e 1 na Coruña

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2016 (Vía Láctea Comunicación).- A Consellería de Política Social ten en marcha unha nova edición do programa “Benestar en Balnearios”, no marco do cal se ofertan prazas para estadias e tratamentos en centros termais de toda a comunidade. Convócanse un total de 607 prazas para participar nesta iniciativa en diferentes quendas ao longo do ano. As solicitudes poderán presentarse ata o día 7 de marzo.

Nesta convocatoria participan un total de 15 balnearios de toda Galicia. Da provincia da Coruña o Balneario de Carballo. Da provincia lucense están o Balneario de Guitiriz, Augas Santas (Ferreira de Pantón), o Balneario de Lugo-Termas Romanas e Río Pambre (Palas de Rei). De Ourense participan os establecementos termais de Baños de Molgas, Arnoia Caldaria Hotel Balneario, Laias Caldaria Hotel Balneario (concello de Cenlle), Lobios Caldaria Hotel Balneario e o Gran Balneario do Carballiño. E en Pontevedra os balnearios de Baños da Brea (situado en Vila de Cruces), Caldelas de Tui, Balneario Eurostars Isla de la Toja, Termas de Cuntis e Balneario Acuña (en Caldas de Reis).

Requisitos para participar no programa

Poden beneficiarse deste programa os maiores de 65 anos e tamén os maiores de 55 que reúnan a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións. Os solicitantes deberán estar empadroados e residir nalgún Concello da comunidade galega. Terán que valerse por si mesmos para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa. Non poderán padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a normal convivencia durante o transcurso da quenda. E carecer de contraindicación médica para recibir os tratamentos termais.

A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu cónxuxe ou parella, sempre que cumpra os requisitos indicados, agás o relativo á idade. Tamén poderán participar, en calidade de acompañantes, os fillos dos solicitantes que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando se poidan desprazar con autonomía e cumpran todos os requisitos citados agás o referente á idade.

Tratamentos termais con fins terapéuticos e actividades socioculturais

O programa inclúe aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido. Ademais, os beneficiarios poderán someterse a tratamentos termais con fins terapéuticos, que comprenden: o recoñecemento médico ao ingresar no balneario para a correcta prescrición do tratamento, o tratamento que prescriba o facultativo do balneario, o seguimento médico do tratamento, xunto coa participación en actividades de animación sociocultural que se leven a cabo no establecemento termal.

Os interesados poden consultar toda a información sobre o programa “Benestar en Balnearios” na web <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada>, para coñecer as indicacións terapéuticas de cada centro, as datas e quendas de cada un e os prezos que ofertan. As estadias son de dez días con diferentes quendas ao longo do ano. As tarifas, moi accesibles, varían en función do establecemento hoteleiro e das características de cada balneario.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es

www.balneariosdegalicia.gal